

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Aprobación definitiva da quinta modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Ames

ANUNCIO

Aprobación definitiva da quinta modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Ames

En sesión plenaria de 31 de maio de 2018 prestouse aprobación inicial á quinta modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Ames, publicada no BOP n.º 108, do 8 de xuño de 2018.

Sometido o acordo a exposición pública por prazo de 20 días hábiles non se presentaron alegacións, polo que a aprobación inicial quedou elevada a definitivo de forma automática.

De acordo có establecido nos artigos 126 e 127 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e o artigo 202.3 da Lei 2/2015 de 29 de abril, de emprego público de Galicia, faise pública a aprobación definitiva da quinta modificación puntual da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Ames, publicándose a relación valorada dos postos de traballo que figura a continuación como Anexo I.

ANEXO I

CÓDIGO	03.03.02
DENOMINACIÓN	Arquitecto/a técnico/a
DEPARTAMENTO DE ADSCRICIÓN	Departamento de Urbanismo Servizo de Obras Públicas e Proxectos
TIPO DE PERSOAL	F/N
ESCALA/SUBESCALA	A.E (técnica)
GRUPO	A2
NIVEL	22
FUNCIONES	Asumir con arranxo á capacitación profesional e /ou legal inherentes: > a elaboración e sinatura de memorias > a elaboración e sinatura de informes de toda clase > o control dos servizos > a valoración das plicas e a elaboración de pregos para concursos > a conformación de facturas de provedores > a elaboración de diferentes informes para entidades públicas, como técnico municipal > o control e sinatura de certificacións de obras Aqueloutras, propias da súa condición/capacitación profesional e/ou legal, dentro do marco competencias da unidade/división administrativa de adscrición en cada momento ou, de ser o caso, e cando as necesidades de servizo o requiran, ao marxe do mesmo
OBSERVACIÓNS	Esixencia de diplomado/grao en arquitectura técnica ou equivalentes.

O complemento específico para o posto, segundo resulta da valoración do mesmo, obrante no expediente, é de 9.177,07 euros anuais.

b) Creación dun posto de tractorista do departamento de Infraestruturas Obras e Servizos Básicos ca seguinte ficha descritiva:

CÓDIGO	10.01.01.02.10
DENOMINACIÓN	Tractorista
DEPARTAMENTO DE ADSCRICIÓN	Departamento de Infraestruturas, obras e servizos básicos Unidade operativa: Brigada de obras e servizos básicos. Sección de obras e servizos básicos.
TIPO DE PERSOAL	L
ESCALA/SUBESCALA	
GRUPO	C2
NIVEL	16
FUNCIÓNS	- Asumir a realización das tarefas/ intervencións de carácter operativo, propias da súa capacitación profesional específica e necesarias e/ou requiridas para o desenvolvemento efectivo de funcións de limpeza e roza, cos tractores/ vehículos especializados dispoñibles ao efecto, de vías/camiños e outros espazos de titularidade/responsabilidade municipal: e baixo a supervisión directa do responsable da brigada. - Asumir con arranxo á capacitación profesional e/ou legal inherentes, o desenvolvemento das actuacións/ funcións propias da colaboración/asistencia xeral, segundo necesidades, respecto das restantes responsabilidades e/ou cometidos funcionais do departamento e brigada de adscrición. - Aqueloutras, propias da súa capacitación profesional e/ou legal, dentro do marco competencial da unidade/división administrativa de adscrición en cada momento ou, de ser o caso, e cando as necesidades do servizo o requiriran, ao marxe do mesmo.
OBSERVACIÓNS	A tempo parcial Esixencia de permiso de conducir clase C1

O complemento específico para o posto, segundo resulta da valoración do mesmo, obrante no expediente, é de 5.799,65 euros anuais.

c) Integración do servizo de contratación no departamento de Secretaría Xeral.

01. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL

01.05. SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PLANS E SUBVENCIÓNS

Código	Denominación	Vac.	Tipo	Escala/Subescala/ clase/ categoría	Grupo	Nivel	Complemento específico	Forma provisión.	Reserva a nacionais	Titulación	Formación específica	Admón.	Observacións (A.R.)
01.05.01	Xefe do servizo de contratación, plans e subvencións	Si	F/S	a.x (administrativa)	C1	22	9177,07 €	c				a.l	
01.05.02	Administrativo	No	F/N	a.x (administrativa)	C1	18	8083,83 €	c				a.l	
01.05.03	Auxiliar administrativo	No	F/N	a.x (auxiliar)	C2	16	6345,85 €	c				a.l	
01.05.04	Auxiliar administrativo	Si	F/N	a.x (auxiliar)	C2	16	6345,85 €	c				a.l	

Ames, 18 de xullo de 2018.

O alcalde

José M. Miñones Conde

2018/5521